


CHIFRE DE TUTELO



O anaco de papel que nos sobrou de facer o paxaro que bate as ás, facemos estoutros dous rectángulos, dobrándoo e cortándoo pola metade. Usamos un deles.



A ese anaco facémoslle unha lapela, pola súa dimensión maior, a 1 cm aprox. do bordo. Marcamos ben o vinco coa unlla.



Seguindo o vinco, cortamos a lapela en dous anacos, deixando unha lingüeta, tamén de 1 cm aproximado de largo.



Enrolamos o papel facendo un tutelo, de forma que quede a lingüeta como se aprecia na fotografía.



Empurramos a lingüeta contra a boca do tutelo, como se a tapase. Se queda moi grande recortámoslle o cacho que sobre, cos dedos ou cunha tesoiira.

Agora introducimos o tutelo na boca. Temos dúas formas de facelo:

- Metelo pola parte oposta á lingüeta e aspirar o ar suavemente.
- Meter a parte da lingüeta na boca e soprar con tento. Nesta forma hai que ter coidado de non mollar con cuspe a lingüeta, pois nese caso deixará de funcionar.

No caso de mollarmos a lingüeta, aínda nos queda outro cacho de papel para repetir o brinquedo.

Podes escoitar o son abrindo o arquivo:
chifre de tutelo.mp3

Este son será máis agudo ou máis grave en función do grosor do tutelo e da súa lonxitude.